

Ref.: 2014.04.01096

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

CONTRATO PRIVADO COA EMPRESA UNIVERSAL MUSIC SPAIN, S. L. RELATIVO A "PROMOCIÓN DO TURISMO DE GALICIA A TRAVÉS DO VÍDEOCLIP "NOCHE Y DE DÍA" DE ENRIQUE IGLESIAS", MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA A TRAVÉS DE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE POR EXCLUSIVIDADE.

1. Con data 30 de decembro de 2014 o órgano de contratación autorizou o expediente de contratación relativo a "Promoción do turismo de Galicia a través do vídeoclip "Noche y de Dia" de Enrique Iglesias".
2. Por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusividade, este contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, **UNIVERSAL MUSIC SPAIN, S. L.**, con N.I.F. nº B-82.198.342, que xestiona en exclusiva a produción do vídeoclip "Noche y de Día" de Enrique Iglesias.
3. A natureza xurídica do devandito contrato está recollida no artigo 20.1 do Real Decreto Legislativo, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público.
4. Os traballos que desenvolverá **UNIVERSAL MUSIC SPAIN, S. L.** a prol da promoción turística de Galicia están recollidos na súa proposta técnica.

En base ao anterior,

PROPOÑO

- A adxudicación do contrato privado a favor da empresa **UNIVERSAL MUSIC SPAIN, S. L.**, con N.I.F. nº B-82.198.342, por un importe de **TRESCENTOS DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (302.500,00 €)** I.V.E. incluído (250.000,00 € + 52.500,00 €).
- Un prazo de execución que empezará a contar a partir da data de sinatura do contrato e rematará o 30 de xuño de 2015.
- A formalización do contrato que se realizará dentro dos quince (15) días seguintes á recepción da notificación desta adxudicación (art. 156.3 do TRLCSP), logo do cumprimento das obrigas previas establecidas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2015



Asdo.- M^{ra} Elena Barca Ramos
Xerente

Unha vez aceptada a proposta de xerencia e en virtude das facultades que me confiren os artigos 19.4.n e 37.2 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos,

RESOLVO

- Adxudicar o contrato privado relativo a **"PROMOCION DO TURISMO DE GALICIA A TRAVÉS DO VÍDEOCLIP "NOCHE Y DE DÍA" DE ENRIQUE IGLESIAS"**, a favor da empresa **UNIVERSAL MUSIC SPAIN, S. L.**, conforme as condicións establecidas na súa oferta.
- Formalizar o contrato coa empresa **UNIVERSAL MUSIC SPAIN, S. L.**, con N.I.F. nº B-82.198.342 nun prazo máximo de 15 días hábiles a partir da data de notificación da adxudicación.

Contra a presente resolución, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o órgano de contratación, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente, recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación o publicación do acto, que pon fin á vía administrativa, conforme aos artigos 8.3, 14 e 46 da Lei 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, perante o xulgado do contencioso de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 30 XAN. 2015



M^a Nava Castro Domínguez
Directora de Turismo de Galicia